

saldoira2.0



REVISTA DO EQUIPO DE DINAMIZACIÓN LINGÜÍSTICA DO IES MARTAGUISELA. O BARCO DE VALDEORRAS. CURSO 2011-2012



Editorial

A revista Saldoira comeza unha nova etapa na que continúa a ser unha ventá ao exterior da vida do IES Martaguisela pero empregando un novo soporte: o informático. Vaia por diante o agradecemento do Equipo de Dinamización Lingüística (EDLG) a todos aqueles e aquelas, profesorado e alumnado, que colaborastes cos vosos traballos. Sen cada gran de area sería imposible facer realidade este proxecto.

Ao longo do curso 2011-2012 o EDLG do Centro estivo a traballar para levar a cabo accións que

fosen un pulo para o uso do galego no noso día a día. A pesar de que o Equipo se formou de novo este ano, cos problemas que isto supón, si que se emprenderon actividades interesantes que tiveron unha boa acollida entre os seus destinatarios. Na revista están representadas estas accións, e moitas outras que formaron parte da dinámica do noso Instituto. Pero o camiño é longo e quedan moitas loitas que gañar. Polos corredores séguese a oír máis castelán que galego e na sala de profesorado o castelán é a lingua

predominante. Non fai falta ser un experto en sociolingüística para percibir esta situación e para decatarse de que é necesario emprender accións que poñan en valor a nosa lingua propia e que sirvan como acicate para o emprego do galego.

Neste sentido o profesorado é un modelo a seguir e temos que dar exemplo ao noso alumnado, para evitar que a lingua galega perda forza entre as xeracións máis novas.

A revista Saldoira está pensada e escrita en galego. Ti tamén podes

pensar, falar e escribir na túa lingua. A variedade lingüística é unha inmensa riqueza, xamais un problema. Goza do galego, conserva a túa identidade.

EQUIPO DE DINAMIZACIÓN DA LINGUA GALEGA DO IES MARTAGUISELA

INDICE



3
4
5
6
7
8
9
10
11
12
14
15
16
19
21

Recordando a eclipse de sol

¡Andorra!

A miña experiencia como auxiliar de conversación

A banda de gaitas de Valdeorras / Dous cantores de luxo para Valdeorras

Martaguiseladas teatrais

Un día en León

Proxecto eTwinning / Non me chames cariño se non o sentes (Gargallada Teatro)

Conversas entre lembranzas

Alfredo Gómez Cerdá visita o IES Martaguisela

Programa de inmersión lingüística en inglés

Visita a Nigrán / O IES Martaguisela visita Repsol

Para 2º de Bacharelato

Letras Galegas 2012

Nota sobre os apelidos en xeral e os valdeorreses en particular

Creación literaria

Recordando a eclipse de sol

Manuel Agra Sánchez (1.º ESO B)

Unha eclipse de Sol acontece cando a Lúa se interpón entre a Terra e o Sol. Unha eclipse de Lúa cando a Terra se interpón entre a Lúa e o Sol. Isto acontece porque, aínda que a Lúa é varios milleiros de veces máis pequena que o Sol, está igualmente máis cerca, de maneira que no ceo parecen do mesmo tamaño. Unha eclipse de Sol, hai cen anos, foi especialmente visible na comarca de Valdeorras. Sucedeu o día 17 de abril de 1912, dous días despois do trágico afundimento do Titánic. O Barco de Valdeorras foi o mellor lugar para observar a eclipse. Aquí viñeron científicos de todo o mundo,

como Josep Comas i Solà, do observatorio Fabra de Barcelona. Con motivo deste centenario, organizáronse varias xornadas con diversos actos: charlas, talleres... No IES Martaguisela houbo unha charla sobre o Sistema Solar para os alumnos do primeiro ciclo. Foi o martes 17 de abril e impartiuuna Francisco Fernández (Taller de Astronomía Foula).

A charla espertou un grande interese no alumnado do centro e nos profesores que asistiron.

No paseo do "Malecón" do Barco inaugurouse un monumento de lousa, consistente nun reloxo de Sol e unhas placas conmemorativas.



¡Andorra!

Os alumnos e as alumnas de segundo e de terceiro de ESO, xunto co departamento de Educación Física, organizamos unha excursión á neve a Andorra/ Sandra García 3.º C



Preparados para esquiar

Todo aconteceu dunha maneira moi bonita. Durante as trece horas de camiño fixemos tres paradas. O mellor foi ter a oportunidade de estar todos os compañeiros xuntos, cantando e rindo e con algunha que outra soneca. Chegamos a Andorra o día 26/03/2012 ás 8:30 da mañá, para almorzar, e cando rematamos, fomos cara o aluguer de esquís. Despois tivemos que ir cara ao Hotel Panorama no que nos aloxamos durante os cinco días da nosa viaxe. O primeiro día de esquí foi o máis aburrido de toda a excursión: como algún de nós non sabía esquiar pois non sabiamos que facer. Non obstante, co paso dos días

todo se ía facendo máis fácil e moito máis divertido. O hotel parecía moito mellor da impresión que nos dera nun comezo.

As nosas visitas polo centro de Andorra a verdade é que foron poucas, pero deunos tempo a percorrela un par de veces posto que é moi pequena.

Fomos a Caldea, o maior centro de augas termais de Europa. Foi toda unha pasada. Houbo outro día no que os da empresa que organizaba as actividades de esquí fíxonos unha festa.

Xa se achega o momento de volver rumbo a Galicia, a nosa terra. A última noite no hotel, os alumnos e alumnas da

excursión organizámoslles unha pequena festa aos profesores e ao condutor do autobús, Alberto, que estivo con nós toda a semana e que era coma un dos nosos. Foi un pracer estar con el todo o tempo, e supoño que todos botaremos moito de menos a Alberto.

Nada máis que contar, só que nos gustaría volver a estar xuntos nunha excursión coma esta e estar rodeados de tan boa xente como Laura, Óscar e, como non, o noso profesor lesionado Marcos. Grazas por ter organizado a excursión e por ternos aturado a tantos e durante tantos días.

A miña experiencia como auxiliar de conversación no IES Martaguisela

Ashley Burner (Carolina do Norte)



Ashley un día antes da súa partida

A experiencia como auxiliar de conversación fíxome capaz de obter unha visión diferente sobre o ensino. Traballei no IES Martaguisela con alumnado desde 2.º ESO ata 2.º de Bacharelato. Tiña tres clases cada semana con 2.º ESO, dúas con 3.º, dúas con 4.º, tres con 1.º de Bacharelato e máis dúas con 2.º de Bacharelato. Un día normal para min consiste en falar, por unha parte da cultura e da miña vida nos Estados Unidos, e logo desenvolver unha actividade que estea relacionada coa lección. Co alumnado de 2.º ESO dedicaba a metade da clase a ler. Intentei axudar no vocabulario e na pronuncia. Despois de ler, sempre faciamos una follla de actividades. Se quedaba tempo, xogabamos a xogos coma o aforcado ou o teléfono empregando o vocabulario que saíra na lectura xa feita. Ao alumnado encantáballe este tipo de xogos, que, ademais, son perfectos para traballar o léxico.

Nas clases de 3.º ESO, 4.º ESO e Bacharelato falabamos da cultura norteamericana: Halloween, Día de Acción de Grazas, etc. Despois xogabamos a un xogo ou faciamos unha actividade relacionada co tema tratado. Dependendo da clase e do nivel deseñaba actividades diferentes, con regras tamén distintas. Desa experiencia descubrín que ao alumnado lle encanta competir. Todos estaban desexando saír dicindo “gañamos”.

O seu xogo favorito era a “carreira de frases”. As regras do xogo son: (a) divídese ao alumnado en dous grupos; (b) a cada grupo entrégaselle un anaco de papel cun número e unha palabra: cada número ten a mesma palabra; (c) eles non poden mirar a palabra ata que eu digo o número. Cando digo o número, os dous equipos teñen que ir á fronte da clase, coller o marcador, e ir ao encerado para escribir unha frase que conteña a palabra. O equipo que ten a frase correcta e que o fixo en menos tempo é o que gaña un punto.

En xeral podó dicir que gocei do meu tempo no Barco de Valdeorras e en Galiza. En ocasións foi difícil estar lonxe da casa, pero esta foi unha experiencia que lembrarei toda a miña vida. Tiven a oportunidade de mellorar o meu castelán e de aprender unha nova lingua coma o galego. Puiden viaxar por diferentes partes de Galiza, e gustoume moito poder coñecer ao alumnado do IES Martaguisela e ao profesorado. En clase falabamos moito das diferenzas entre España e os EE.UU. e gustoume poder comprobar que a pesar das cousas que nos separan, tamén temos moitos elementos en común.

En conclusión, alégrome moito de verme embarcado neste proxecto e botarei moito de menos ao Martaguisela, ao Barco de Valdeorras e a Galiza.

A banda de gaitas de Valdeorras

Sandra García (3.º C)



A banda de gaitas de Valdeorras naceu hai vinte e dous anos cun grupo de case cincuenta persoas que co paso do tempo quedou en trinta e cinco. Agora mesmo a banda consta dunha

variedade de sete instrumentos: gaita, pandeireta, tambor, yem-bee, conchas, bombo e bongó.

Neste momento estamos preparando o noso terceiro disco que constará de quince cancións. Con frecuencia asistimos a certames musicais e competicións. Os nosos concertos teñen lugar nas festas e en datas sinaladas coma o Nadal. Sempre saímos tocar un pasarrúas nas festas do Cristo de Valdeorras.

Dentro da banda hai grupos divididos para poder tocar en eventos máis pequenos como vodas ou bautizos.

Xuntámonos para ensaiar os martes, xoves, venres e sábados e dedicámoslle unha media de nove horas á semana.

Grazas ao noso profesor, Manuel Parada Ramos, puidemos demostrar os nosos coñecementos musicais. Foi el tamén o que nos deu a oportunidade de viaxar a lugares tan interesantes como Lleida ou Donostia, e a programas da TVG como Luar.

Considero que merece a pena o esforzo que supón ensaiar e participar nas actividades da banda. Estamos neste grupo porque gozamos do tempo que estamos xuntos e amamos a música. Quero que este artigo sirva para animar á xente nova do Barco de Valdeorras a integrarse no grupo.

Dous cantores de luxo para Valdeorras

Manuel Agra (profesor de Lingua Galega e Literatura)

Non hai dúbida de que Valdeorras é unha terra de creadores e artistas. Escritores, escultores, fotógrafos... e músicos. Temos a inmensa sorte de ter na comarca dous músicos de luxo: Magín Blanco e Anxo Rei ou Anxo Rei e Magín Blanco. Magín Blanco naceu na Rúa e no ano 2010 publicou un fermoso libro-CD, titulado A nena e o grilo. Trece fermosas cancións cantadas por Magín, tamén acompañado por outros artistas. O



libro ten ilustracións doutro valdeorrés: Iván Prieto.

Anxo Rei naceu en Rubiá e no ano 2011 publicou outro fermoso libro-CD, titulado O ano pitaño. Doce fermosas cancións cantadas por Anxo Rei, con letras doutros poetas. Entre eles, do vilamartinés Xosé Rodríguez Ferrer.

Magín e Anxo, Anxo e Magín: un luxo para Valdeorras.



Martaguiseladas teatrais

Marta Cortés (Profesora de Música e directora do Grupo de Teatro)

- *Eu creo que si. Dime un mentres os demais asenten coa cabeza.*
- *Pero mirade que estamos xa en maio! Digo eu.*
- *Xa, pero malo será!*




A experiencia, máis intensa que longa, nisto da dirección nas táboas, tráeme recordos tranquilizadores. Foron moitas, case que todas, as ocasións nas que rapaces e rapazas da ESO e Bacharelato levaron adiante nun mes un proxecto teatral que comezara sete antes e que pendía perigosamente dun delicado equilibrio entre as moitas ocupacións do alumnado e o tempo de ensaios e estudo dos textos en horario extraescolar. Neste intre o pulo que supera o desánimo só se entende dende a natural tolemia adolescente, tan necesaria nas tribulacións da interpretación, para inutilizar calquera capacidade de análise do cómo e o cándo e dotalos dun atrevemento que se desentenda facilmente dos medos ás consecuencias dun posible fracaso. A excitación que lles produce o risco dun escenario, certa inconsciencia e gañas de pasalo ben dun xeito ao que non todos son chamados, son garantía de éxito.

Así que este ano, se ninguén o remedia e se non nos atrasan máis lastres que os da leal competencia dos exames, clases particulares, conservatorios e deportes varios, estreatemos en xuño unha obra inédita! "A última cea" chamámoslle á criatura,

un texto traxicómico feito á medida do grupo. Naceu nas tardes gloriosas de ideas disparatadas e alimentándose desa verborrea chispeante medrou ata facerse argumento posible con dous actos ben xeitosos e desenlace. O demais? Pasen e vexan. Déixense levar da man destes trece actores e actrices por unha pequena fantasía colectiva e apláudanne a estes heroes que fan teatro cando os tempos empéñanse en dicirille o contrario. Vaia por diante o meu agradecemento a José Luis, David, Saúl, Aida, Víctor, Nicolás, Ana, María Adrián, María Arias, Alba, Patricia, Vanessa e Enea, por tanta dedicación e entusiasmo e por tantas tardes de risas!

Para vós estas liñas da Mensaxe mundial de Antonio Gala o día Mundial do teatro de 1998:

...Que os que veñan despois non pensen que nós consentimos a derrota do noso teatro pola incultura, nin a súa traizón pola desidia, a mesquindade, o desencanto ou o resentimento. O teatro foi e será como unha patria, como unha relixión, como unha cultura común que reúne a todos os pobos do mundo. Tomemos, pois, a decisión de defendelo xuntos para embelecer dende hoxe o noso mañá: un mañá que durará -agardémolo moito máis ca nós.



Un día en León

Ana Cao, Eva Piay, Cristina Musat, Xiana Ferrer, Manuel Agra Sánchez (1.º ESO)



O día 11 de abril fomos de excursión a León. Na parada de autobús, preto do instituto, chovendo, estivemos esperando polo alumnado que faltaba, e a maioría sen paraguas!

No autobús, pareciamos “zombies”, pero chegamos bastante ben, só se mareou un de nós. Cando saímos do microbús, Mirita comezou a explicarnos cousas da cidade.

O primeiro lugar onde estivemos foi un bar “superchachi” inspirado nos anos sesenta e tomamos uns colacaos.

Despois de entrar en calor fomos a San Isidoro, onde había unha sala con tumbas e pinturas no teito. Explicáronnos o Calendario Agrícola. Os frescos do Panteón Real de San Isidoro están moi ben conservados para ser románicos. No museo vimos o Cáliz de dona Urraca que tiña moitas pedras preciosas incrustadas. Había varios xoieiros con santos de marfil e ollos de acibeche. A señora guía explicounos moi ben e quedou impresionada con Manuel Agra Sánchez.

Á hora de xantar leváronos a un centro comercial, onde había sillóns de masaxe e unha porta xiratoria que fixeron as ledicias de Ana Cao e Eva Piay. Fixemos grupiños de amigos e fomos

comer. Se non fora por Xiana Ferrer, que atopou unha cafetería onde poder sacar os bocatas e tomar un refresco, quedaríamos sen comer.

Pola tarde fomos á catedral, e grazas a que estaban restaurando as vidreiras, puidemos subir por unhas escaleiras e ver a catedral dende arriba (a profe Olga tivo que subir de última porque tiña vertixe). O guía da plataforma tamén estaba traballando nas vidreiras e ensinounos un vídeo sobre o seu traballo de restauración.

Por último, demos un paseo pola cidade, compramos caramelos e mantecadas e volvemos para o autobús. O regreso foi máis retreído! Iamos falando romanés con Cristina Musat e Carlos Rodríguez.

E como nos ensinou Jose Carlos: “Se non che gusta León, aí tes a estación!”

Proxecto eTwinning

Rose Marie Deus Seijo (profesora de Inglés do IES Martaguisela)



eTwinning é unha iniciativa da Comisión Europea que anima aos centros escolares europeos a formar unha alianza de colaboración con outros países, utilizando distintos tipos de tecnoloxías da comunicación.

O noso centro involucrouse neste tipo de acción e establecemos unha alianza con centros europeos de Italia e Polonia a través dun proxecto titulado: "Man, Environment and Territory". A finalidade do proxecto é coñecer o territorio e as súas características naturais e tomar conciencia das accións que se poden utilizar para a prevención de desastres naturais. Compáranse os

problemas e a diversidade de cada territorio e intercámbianse estes coñecementos cos demais socios europeos.

Ata o momento é o alumnado de 1.º ESO A o que está participando no proxecto coa profesora de matemáticas Aida Méndez Díaz. Os resultados foron moi satisfactorios: fixéronse murais da zona de Valdeorras, presentacións empregando Power Point, e víronse vídeos sobre medio ambiente e os desastres ocasionados pola man do home.

Quizá a parte máis emocionante foi a posibilidade de establecer contacto "real" cos compañeiros e compañeiras italianos mediante o chat. O feito de comprobar que hai persoas da mesma idade traballando no mesmo proxecto axuda moito a emprender as accións con máis ilusión e ganas.

Esperamos que no futuro non decaia o interese por este tipo de proxectos que nos aproximan a unha realidade que é común en toda Europa.

Non me chames cariño se non o sentes (Gargallada Teatro)

Iserre Yanes e Irene da Costa (4º B)

O luns sete de maio alumnado de 4.º ESO e 1.º BACH do IES Martaguisela e do IES Lauro Olmo acudimos ao teatro para ver a obra *Non me digas cariño se non o sentes*, da compañía valdeorresa Gargallada Teatro.

A obra consistía en diferentes escenas nas que se trataba un sentimento común, o amor. Este acompañábase de infidelidades, violencia de xénero, homosexualidade, sexo e enganados. Pero todas tiñan en común que, aínda tratándose de situacións difíciles para a parella, sempre se chamaban "cariño". Gustounos moito porque foi unha obra con moito humor, e, ao mesmo tempo, interesante, posto que trataba temas actuais, que nos interesan, e dende un punto de vista divertido. As nosas sinceras felicitacións a todo o equipo por facernos rir e pensar. "Sen risco non hai gloria", como dicían os actores e actrices na obra, e o grupo Gargallada son un bo exemplo deste lema.



Conversas entre lembranzas

Estefanía Bermúdez (3º C)

JOSÉ LUIS DELGADO RODRÍGUEZ E ESPERANZA FERNÁNDEZ FRANCO COÑECÉRONSE HAI MOITOS MOITOS ANOS. AGORA SON UN MATRIMONIO XUBILADO, QUE VIVE NO BARCO DE VALDEORRAS E QUE TEN UNHA VIDA CHEA DE RECORDOS E DE EXPERIENCIAS DIGNAS DE LEMBRAR. POR ISO ESTEFANÍA BERMÚDEZ, DE 3.º C, LLES FIXO UNHA

ENTREVISTA QUE ESTÁ CHEA DE HISTORIAS QUE NOS LEMBRAN O PASADO DO NOSO PAÍS, CON LEMBRANZAS DOCES, PERO TAMÉN OUTRAS MOI AMARGAS.

JOSÉ LUIS E ESPERANZA, GRAZAS POR COMPARTIR CON NÓS A VOSA VIDA.



Esperanza e José Luis en 2012

JOSÉ LUIS DELGADO RODRÍGUEZ (75 ANOS, RUBIÁ)

¿Que recorda da súa infancia?

Foi bonita, aínda que moi distinta agora. Tiñamos que xogar cunha pelota de trapo e xa desde pequeno tiña que traballar coas vacas. De neno os pais pegábanme, pero, ben, o mellor era que non pasabamos fame. Non comprabamos aceite porque era moi caro. Tamén o pan era caro. Como tiñamos unha finca con moitas froitas cambiabámolas por aceite e pan. O peixe tampouco o comiamos, era moi caro.

Recordo que cando íamos facer a comuñón unha señorita para a festa dábanos unha pastilla de chocolate con pan.

Os curas eran igual de malos que Franco: collían os cartos que a xente daba para a Igrexa e levábano ao banco a gardalo para eles. Aquel cura quitábanos o pan e riase de nós.

¿Foi á escola e que recorda daquela etapa?

Si que fun [risas]. Empecei aos seis anos. Era moi divertida, ata que lle collín medo porque un neno pegárame. Estiven seis meses sen volver. Logo comecei noutra escola onde os profesores pegaban con regra. Un día tiña tantas ganas de facer as miñas necesidades que o profesor non me deixou saír e tiven que facermas en min mesmo. Naqueles tempos non había bater, non...

¿Cal foi o momento máis feliz da súa vida?

Cando coñecín a miña muller, Esperanza.

¿Como ve a xuventude de agora?

Véxoa ben. Os nenos están moi preparados e educados. Antes tiñamos máis dúbidas. Agora estamos máis avanzados, pero o peor é que teñen demasiada liberdade.

¿A que anos comezou a traballar e canto foi o seu primeiro soldo?

Comecei aos 12 anos, como axudante dos que ían plantar piñeiros e cobraba nove ou dez pesetas ao día.

¿Gustaríalle que volvese Franco?

Non. Viviamos con moito medo. Ata Carrillo lle tiña medo a Franco... Carrillo volveu a España disfrazado para que os de Franco non o recoñecesen. Foi un bo secretario do Partido Comunista. Tamén recordo que un día veu Franco inaugurar un pantano e Julio Gurriarán esperáboo cun ramo de flores. Franco viña no seu coche cos seus homes de seguridade e cando pasaron por onde Gurriarán apuntárono coas súas pistolas.

¿Como viviu a etapa do franquismo?

Mal, a verdade é que era unha cousa moi mala. Os pobres traballabamos por comida e os ricos eran uns usurpadores, queríanos todo para eles. Eran tan fachendosos que lles tiraban as moedas

ao río para que as collesen a xente que traballaba para eles. O único bo que fixo Franco foi que a xente que traballaba de día tiña dereito a ir á escola de noite. Había moitas mortes. A un tío meu, que era galeguista, matárono por lle querer quitar a moza a un que era franquista.

ESPERANZA FERNÁNDEZ FRANCO (68 ANOS, PORTELA)

¿Que recorda da súa infancia?

Xogabamos moito pero para poder xogar eu tiña que levar ao meu irmán pequeno ao lombo porque os meus pais traballaban. Despois de xogar tiñamos que ir para a casa e facer a comida (con doce anos). Cando non coidaba do irmán, ía coa miña nai ó campo.

¿Que tal na escola?

Eu estudaba moito, pero era diferente a agora. Antes so había un libro e todo se estudaba nel. E ademais aprendíamos as cousas cantando, coma os ríos ou as catro regras. Recordo tamén que na escola dábannos leite que viña de Estados Unidos.

¿Cal foi o momento máis feliz da súa vida?

Cando tiveron os meus fillos e o segundo máis feliz cando casei.

¿A que anos comezou a traballar e canto foi o seu primeiro soldo?

Comecei aos dezaseis anos, plantando pinos, e pagábanme vinte e cinco pesetas.

¿Como viviu a etapa do franquismo?

Foi unha etapa desastrosa. Recordo cando algúns políticos se rían de nós porque falabamos galego e agora míraos a eles,

que tamén falan galego.

Recordo tamén que os escapados de Franco se escondían en covas.

Tiven que vivir unha experiencia horrible: tiña un veciño que estaba perseguido polos franquistas e quedaba na casa coidando da súa nena mentres a muller ía fóra traballar. Un día veu un garda vestido de mendigo e viu á nena xogando no xardín. Díxolle se lle podía dar algo de comer e a nena entrou na casa a preguntarlle ó pai. Cando o pai saíu fóra disparáronlle e caeu alí morto no xardín. Chamábase Chucho e vivía no val. A nena e máis eu vimos toda a escena. Non o enterraron: os escapados non podían ser enterrados coma os demais.

Tamén recordo que na casa dos Barrera, pasando a ponte para ir a Rubiá, metían a xente para torturala ou matala.

Alfredo Gómez Cerdá visita o IES Martaguisela

Rita Fernández (4.º ESO A)

Sen dúbida ningunha, unha das visitas máis memorables deste ano escolar foi a do escritor Alfredo Gómez Cerdá, que tivo lugar o 28 de febreiro de 2012. Todo o alumnado de 3.º e 4.º ESO tivemos o privilexio de poder compartir con este gran novelista una intensa hora de debate e exposición.

Alí reunidos, no salón de actos, comezamos o encontro cunha breve presentación que fixemos varias alumnas de 4.º ESO e na que pretendiamos retratar a personalidade e a literatura de Cerdá. Temos que dicir que as palabras que lle dedicamos gustaron moito ao noso invitado. A Alfredo Gómez Cerdá víaselle tranquilo e con ganas de falar con nós, de contarnos as súas experiencias e os seus grandes logros no difícil mundo da literatura. Durante o acto puidemos facerlle todo tipo de preguntas, tanto sobre a súa vida (que coñecemos ben grazas á biografía que el mesmo ten na súa propia web), como sobre as súas obras. Con respecto a


estas últimas, as preguntas centrábanse nos dous libros que leramos: *El rostro de la sombra* e *Noche de alacranes*. Pero o alumnado de 3.º de Diversificación Curricular sorprendeunos demostrándonos que leran moitas máis obras de Cerdá, posto que aínda que comezaron con *El rostro de la sombra*, tan enganchados quedaron que continuaron coa lecturas doutras novelas como *Las siete vidas del gato*, *Pupila de águila*, *Eskoria* e outras moitas.

O noso escritor respondeu a todas as nosas dúbidas con amabilidade e simpatía. A súa mensaxe final foi clara: “MOZOS E MOZAS, NUNCA DEIXEDES DE ESCRIBIR”.

O noso escritor respondeu a todas as nosas dúbidas con amabilidade e simpatía. A súa mensaxe final foi clara: “MOZOS E MOZAS, NUNCA DEIXEDES DE ESCRIBIR”.



Alfredo Gómez Cerdá durante a exposición



Cerdá asinando libros

Programa de inmersión lingüística en inglés

María Elva Delgado (profesora de Inglés do IES Martaguisela)

O IES Martaguisela participou nun "Programa de Inmersión Lingüística en Inglés" en San Mamés, Buitrago de Lozoya, Madrid. O programa tivo lugar dende o 9 ao 15 de outubro de 2011.

A profesora de Inglés Rose Marie Deus Seijo e mais eu acompañamos a un grupo de quince rapazas e dez rapaces de 2º ESO.

O domingo 9, ao chegar, fomos recibidos pola coordinadora do Programa no Centro de San Mamés e polos monitores; mostráronnos as instalacións e acompañáronnos aos dormitorios. Alí coñecemos a Tere e a Graciela, profesoras dun instituto de Las Palmas coas que íamos compartir a experiencia.

Nunha primeira reunión cos monitores, explicáronnos a planificación e a temporalización das actividades que sería a seguinte:

- Sesións de catro horas (10:00-14:00) para desenvolver os proxectos que se describen a continuación. Excursións e recollida de material para a sesión da tarde.

Proxecto 1: Desenvolvemento sostible
Visita ao Museo da Auga / Berrueco. Mancomunidade Val do Lozoya.

Proxecto 2: Reducir, Reutilizar e Reciclar
Visita á planta de Biometanización e Compostaxe de Pinto.

Proxecto 3: Entorno Natural e Cultural
Visita a Buitrago de Lozoya - Museo Picasso

Proxecto 4: Enerxías renovables
Visita á fábrica de biomasa de Lozoyuela.

Proxecto 5: A aldea global. Diversidade Cultural

Visita ao museo xeolóxico: Patones.

16:00-17:00: Obradoiros e actividades.

17:00-17:30: Merenda.

17:30-18:30: Actividade de ocio / Animación sociocultural.

18:30-20:00: Actividades co profesorado.

20:00-21:00: Ducha / Aseo persoal.

21:00: Cea.

22:00: Actividade nocturna.

23:00/23:15: Silencio.

De luns a venres e en horario de 18:30 a 20:00 horas, o alumnado permanecía na aula con Rose e comigo preparando o

proxecto, produción oral colectiva, que os nosos alumnos terían que expoñer diante de monitores, profesores nativos e dos compañeiros de Las Palmas o día antes de volver; estes tamén terían que presentar o seu proxecto.

Dividimos o alumnado en cinco grupos para a preparación e posterior exposición do proxecto. O primeiro grupo presentou o noso traballo falando do Barco de Valdeorras, das vantaxes e desvantaxes de vivir no campo e na cidade e das accións emprendidas polo noso concello en relación co medio ambiente. Outro grupo falou dos diferentes tipos de enerxía; o terceiro grupo baseou a súa exposición nos tipos de residuos; o cuarto grupo foi o encargado da imaxe e o son no momento da exposición e o quinto grupo tratou o tema da aldea global. Este último grupo fixo unha presentación sobre o alumnado procedente doutros países que actualmente están en 2º ESO no noso centro. A continuación, Nahuel de Uruguay, Stiven de Colombia e Rosanna da República Dominicana, expuxeron



a rutina diaria dos rapaces e rapazas da súa idade nos seus respectivos países de orixe. O programa de inmersión desenvolveuse con normalidade, seguindo o horario e a temporalización previstos para cada un dos proxectos. Tanto as actividades relacionadas co tema do día como as do tempo de ocio estaban moi ben organizadas e todo o alumnado participou nelas de forma moi activa.

En canto ao obxectivo prioritario da actividade (desenvolvemento da competencia comunicativa en lingua inglesa para adquirir novos coñecementos, consolidar e practicar o coñecido e desenvolver capacidades de escritura, lectura e conversación, a través de temas e actividades pedagóxicas atractivas para os participantes) non o damos por logrado na súa totalidade xa que foron moi contados os momentos nos que o alumnado e os monitores utilizaron a lingua inglesa como medio de expresión.

En relación aos demais obxectivos (espertar o interese polo idioma inglés, aprendendo en contacto directo cos seus profesores dun modo agradable e lúdico; achegamento ao medio ambiente no mesmo entorno no que ten lugar a actividade; desenvolvemento de actitudes de tolerancia do alleo para fomentar a comprensión cara ao que nos é estraño ou descoñecido) temos que dicir que foron logrados ao cen por cen. O mellor logro é o aumento da motivación para aprender inglés xa que agora non ven tan distante a realidade da lingua inglesa.

No que se refire ao profesorado acompañante, debemos sinalar que o programa foi unha experiencia positiva nunha dobre vertente: por unha parte, ao constatar o ben que o noso alumnado se integrou cos estudantes procedentes das Palmas; e, por outra parte, foi unha satisfacción compartir a experiencia con Tere e con Graciela, as profesoras canarias, coas cales chegamos a establecer unha relación de amizade.

Queremos resaltar tamén a boa organización das actividades e a adecuación das mesmas aos obxectivos referentes ao medio ambiente. Como conclusión, o alumnado aproveitou moi ben as clases específicas en lingua inglesa cos profesores nativos, o seu nivel de participación foi absoluto en todas as actividades, non houbo ningunha queixa por parte deles referente nin ás actividades, nin ao horario nin á convivencia cos demais compañeiros, tanto do noso instituto como do outro, e que a súa relación cos monitores e profesorado nativo foi xenial. En definitiva, tivemos a oportunidade de gozar dunha experiencia única que esperamos que se repita en próximos cursos.



Visita a Nigrán

María Doce (4.º A)



O día 18 de abril montamos no autobús con destino a Nigrán. Sabíamos que nos dirixiamos á praia, pero que non gozaría-

mos dela xa que levaba uns cantos días chovendo. Pero o noso obxectivo non era divertirnos coas olas, senón visitar os lugares que se citan e nos que se sitúa a novela *A praia dos afogados* de Domingo Villar, que foi a lectura que tivemos que facer para Lingua galega.

Visitamos a praia na que se atopou o cadáver do Rubio; vimos desde lonxe a cafetería e a lonxa que tanto aparecen na novela. Tamén visitamos a igrexa e o camiño de Monte Ferro que daba ao mar, a través do cal o asasino do protagonista logrou o seu propósito: matar sen ser visto.

Durante este percorrido serviunos de guía unha muller moi simpática que ía facendo preguntas e obrigándonos a recordar o argumento da novela. Incluso algúns de nós tivo que acudir ao seu carón para representar a varios personaxes da obra. Despois do roteiro fomos comer. Estaba chovendo a mares, así que buscamos un sitio resgardado onde poder meterlle o dente aos nosos bocadillos. Entre conversas e risas chegou o momento de regresar. Pero antes paramos en Ourense, no centro comercial, onde puidemos facer algunhas compras. Ás oito da tarde xa estábamos de volta no Barco de Valdeorras.

O IES Martaguisela visita Repsol

Miguel García (4.º ESO A)



REPSOL

Despois de moito tempo e moitos quilómetros por fin estábamos na Coruña. Ao pouco tempo de atopar o letreiro de benvida xa chegamos ao destino principal da nosa excursión:

a refinaría REPSOL. Antes de deixarnos o autobús, tivemos que entregar os nosos teléfonos móbiles ao profesor para evitar que fixeramos fotos ás instalacións que íamos visitar. Todo con moito segredo...

Unha vez dentro, o primeiro que fixemos foi ver unha especie de documental sobre REPSOL, onde se explicaba como se elaboraba a gasolina, o gasoil e outros produtos derivados do petróleo. Despois puidemos ver unha maqueta da cidade da Coruña para ver onde se sitúa a refinaría, os diferentes condutos con explicacións do material que conteñen.

Ao rematar, montamos no autobús e fomos ver toda a refinaría. O certo é que "é unha auténtica pasada".

Aínda impresionados, fomos comer ao Marineda City, que é un dos centros comerciais máis grandes de Europa. Alí estivemos ata as seis da tarde. Para pasar o tempo había alí dentro unha chea de cousas: cars, campos de minigolf, boleira, por non enumerar os centos de tendas que hai.

O tempo pasou voando e cando nos demos conta xa tiñamos que regresar á casa, ao Barco de Valdeorras.

Foi unha excursión moi divertida.



Para 2º de Bacharelato

Un ano máis celebramos a graduación e a despedida do noso alumnado de 2.º de Bacharelato. Quedan atrás moitos retos conseguidos, moitas dificultades superadas e moitísimos bos momentos compartidos. Agora tendes que mirar cara ao futuro e propoñer-vos novas metas. Sen dúbida podeades alcanzar os vosos soños. Que non vos falte o ánimo, nunca vos cansedes de loitar, que as dificultades non vos venzan xamais e non deixedes pasar nunca de largo a

vosa oportunidade. Non esquezades nunca o vínculo que vos une con este Centro. Nós, no IES Martaguisela, sempre vos recordaremos, porque sodes parte da nosa historia.

Todo o claustro de profesorado do IES Martaguisela deséxavos toda a sorte do mundo nesta nova etapa que ides comezar. Esperamos que poidades ver cumpridos todos os vosos soños.

¡PARABÉNS E BOA SORTE!



LETRAS GALEGAS 2012

Valentín Paz-Andrade: Letras Galegas 2012



As Letras Galegas de 2012 están dedicadas a Valentín Paz-Andrade.

Paz-Andrade, que naceu en Lérez (Pontevedra) no ano 1898 e morreu en Vigo en 1987. Estudou Dereito en Santiago de Compostela. Ao comezar a Guerra Civil, estivo desterrado primeiro en Verín, logo en Requeixo de Queixa, en Castro Caldelas, en Trives e, finalmente, en Villanueva de la Serena (Badajoz). Valentín Paz-Andrade foi director do periódico galeguista Galicia, colaborou no anteproxecto do Estatuto de Autonomía presentado polo Seminario de Estudos Galegos en 1931. Director da revista *Industrias Pesqueiras* (1942), impulsor do grupo industrial Pescanova, Técnico da FAO, senador por Pontevedra en 1977, membro da Real Academia Galega e un avogado de prestixio.

Valentín Paz-Andrade ten obra en galego e en castelán. Ten ensaios sobre temas literarios, históricos, económicos e temas pesqueiros. Centrándonos na obra literaria propiamente dita e en galego, publicou, entre outros, os seguintes libros de poesía:

- **Pranto matricial**: editado en 1975 e escrito en memoria do seu amigo Castelao. O libro está prologado por Rafael Dieste.
- **Sementeira no vento**: libro publicado en 1968 e prologado polo seu amigo brasileiro Guilherme de Almeida. Aparecen por primeira vez os ecos dos desterrados en Estremadura e nas terras da Serra de Queixa, xunto á homenaxe ao mar, ao vento, á emigración ou os mariñeiros.
- **Cen chaves de sombra**: editado en 1979. Leva ilustracións do pintor Laxeiro, capa de Luís Seoane e prólogo de Lorenzo Varela. O libro é unha colectánea de versos de diferentes épocas que Paz-Andrade reúne nun só libro.

Isto con relación á obra poética. Temos que sinalar, tamén, que Valentín Paz-Andrade escribiu unha obra narrativa, que permanece inédita. Trátase de **Soldado da morte** (1921).

BREVE ESCOLMA DA SÚA OBRA

Cando ti volvas...

Na matricial Galiza, sempre túa,
que dende a Torre de Hércules ao Miño
un facho acenderá por cada illa,
cando ti volvas polo mare;
de toxo unha fogueira en cada monte,
cando ti volvas polo mare;
dos castros na coroa unha cachela,
cando ti volvas polo mare;
unha loura candea en cada pino,
cando ti volvas polo mare;

o seu cirio de frouma os alciprestes,
cando ti volvas polo mare;
luces de ardora branca en cada mastro,
cando ti volvas polo mare;
un farol mariñeiro en cada dorna,
cando ti volvas polo mare;
veliñas á xanela en cada casa,
cando ti volvas polo mare;
e as pérolas das bágoas derramadas,
cando ti chegues polo mare,
cando ti chegues polo mare...
(De *Pranto matricial*)

As palabras

Vén o ar ateigado de palabras,
Cada mañán chamando aos nosos vidros,
Para pór a xermolar son e semente.
As palabras de cote están falando
E somos nós os xordos ao mensaxe
Que no seo das sílabas carrexan.

Polas palabras somos outra cousa,
E non primaz materia dunha besta,
Só desbravada en nós polas palabras.
Son palabras as ondas do gran río
Da fala, que morre un pouco e nace
Do mencer ao luar de cada día.

.....
(De *Cen chaves de sombra*)

LETRAS GALEGAS 2012



Pregón lido por Valentín Paz Andrade na inauguración da Feira do Libro, o 13 de xullo de 1983, na Alameda de Vigo.

Atopámonos no recinto pulmonar da cidade. Vimos agora ao espazo máis transparente da convivencia urbana, compartindo a respiración coas frondes e os paxaros, cal se o home e a Natureza fosen hoxe convocados polo libro. É dicir, por unha das máis esgrevias creacións do home, quizá a máis alta, na que o pensamento do autor tamén canta entre follas, aínda sexan de papel (...).

Falemos do que o libro representa como froito onde se combinan o pensamento, a sabedoría, a imaxinación, a información, a arte. Para min os libros considerados en conxunto, non son máis nin menos que a columna vertebral dunha cultura. Unha columna articulada e medulada pola lingua. Por ese supremo ben de Deus, que Galiza inventou hai dezasete séculos, erixíndose en filla primoxénita da primeira lingua do mundo antigo, que foi o latín.

Valentín Paz-Andrade e Valdeorras

Equipo de Dinamización da Lingua Galega do IES Martaguisela

O Día das Letras Galegas celébrase desde 1963. Ese ano, a Real Academia Galega conmemorou o centenario da publicación de *Cantares gallegos* de Rosalía. E, desde entón, quedou ese día fixado para celebrar o Día das Letras Galegas.

Como dicíamos, o primeiro Día das Letras Galegas, o de 1963, dedicóuselle a Rosalía. E, este ano 2012, que fai o número 50, está dedicado a Valentín Paz-Andrade.

A non ser cando se lle dedique o Día das Letras a Florencio Delgado Gurriarán, algo que desde aquí lle pedimos á Real Academia Galega, poucas veces teremos un homenaxeado nas Letras Galegas que teña unha relación tan estreita con Valdeorras.

Valentín Paz-Andrade, que naceu en Lérez (Pontevedra) no ano 1898 e morreu en Vigo en 1987, que estudou Dereito en Santiago de Compostela, estivo, ao comezar a Guerra Civil, desterrado primeiro en Verín, logo en Requeixo de Queixa, en Castro Caldelas, en Trives e, finalmente, en Villanueva de la Serena (Badajoz).

Pois, ben, en agosto de 1937, estando en San Miguel de Outeiro (pertencente ó concello de

Vilamartín de Valdeorras) con Xesús Prada Losada coñeceu a Pilar Rodríguez Prada, que logo sería a súa esposa. Pilar era sobriña política doutro poeta valdeorrés, Manuel Valcarce Gómez, que morreu en 1931.

A relación de Paz-Andrade con Valdeorras era tan estreita que o Instituto de Estudos Valdeorreses (IEV) xa hai tempo que o declarou Valdeorrés Ilustre. No Caderno número 2 (1982) do IEV, publicou Paz-Andrade "Romance de Dona Lida". E, no Caderno número 3 (1983), Florencio Delgado Gurriarán publicou "Valentín Paz-Andrade, un valdeorrés adoptivo". Por outro lado, entre a correspondencia de Paz-Andrade había cartas de Florencio Delgado Gurriarán. Ademais, Paz-Andrade colaborou na famosa revista Vieiros, que Florencio fundara en México.

Como vemos, o autor homenaxeado nas Letras Galegas deste ano 2012, Valentín Paz-Andrade, coñecía ben estas terras e as súas xentes. De feito, pasou longas tempadas na "Casa Grande" de Vilamartín de Valdeorras, pertencente á herdanza recibida pola súa muller Pilar Rodríguez, que, lembremos, naceu en San Miguel de Outeiro (Vilamartín de Valdeorras).





LETRAS GALEGAS 2012

Concurso de caricatura. Letras Galegas 2012


Colaborar entre centros para conseguir dinamizar a lingua galega é unha experiencia non só interesante, senón moi necesaria. Por ese motivo, o IES Martaguisela e o IES Lauro Olmo, ámbolos dous do Barco de Valdeorras, unímonos para levar a cabo un proxecto común: elaborar un cartel co cal render homenaxe a Valentín Paz Andrade.

O resultado foi moi satisfactorio: convocamos un concurso de caricatura co cal seleccionariamos o mellor debuxo que

se fixese de Paz Andrade e logo os premiados de cada centro serían representados nun gran cartel que se presentaría a todo o Centro.

Sen dúbida os nosos rapaces e rapazas debuxan moi ben. Grazas a Jorge Fernández (do IES Lauro Olmo) e a Lorena dos Santos (do IES Martaguisela) por debuxar con rostro e alma a Valentín Paz Andrade. O voso debuxo quedará para sempre nos corredores dos vosos centros para xeracións vindeiras.

VALENTÍN PAZ ANDRADE LETRAS GALEGAS 2012



Jorge Fernández, 4º A
IES LAURO OLMO

As palabras
Vén o ar ateigado de palabras,
cada mañán chamando aos nosos vidros,
para pór a xemolar son e semente.
As palabras de cote están falando
e somos nós os xordos ao mensaxe
que no seo das sílabas carrexan.

Polas palabras somos outra cousa,
e non primaz materia dunha besta,
só desbravada en nós polas palabras.
Son palabras as ondas do gran río
da fala, que morre un pouco e nace
do mencer ao luar de cada día.
A oito marteladas nos falares
do pobo, que as mestura ao seu suor,
limadas cal semánticas moedas
nas forxas oficiais do saber,
sempre as palabras teñen lei de onda
a develar na vida dos demais.

É de palabras a primeira música
que dá tremer de luz ao noso tímpano,
e de palabras o primeiro río
que verte ao noso canle súas ondas,
e se fai subterráneo en cada noite
para renacer no leito das auroras.

Denantes das palabras foi a choiva
linguaxe de cristais da natureza,
de verticais sílabas composto,
elemental vocabulario líquido
das claves seminales sobre a terra,
a descrifrir polas meniñas da alma.

Palabras insonoras baixo o sono
como peixes de acuarium apagado
que a memoria repesca na vixilia.
Palabras e memoria dúas forzas
que xa casadas nascen lonxe...
no orbe prebabélico do home.

E cando chega a morte a nosa beira,
cando nos pasaporta para o nada,
o que de certo pasa e se rexistra,
o que nos deixa listos para o embarque
na dorna por Caronte tripulada...
é o naufraxio de todas as palabras.

De *Cen chaves de sombra*



Lorena dos Santos Merencio, 4º
IES MARTAGUISELA

Nota sobre os apelidos en xeral e os valdeorreses en particular

Francisco Cobo (Prof. Ciencias Sociais, IES Martaguisela)

Certo día suscitouse de xeito espontáneo nunha clase o enigma dalgúns apelidos

Tomei conta de que había un certo interese entre o alumnado por coñecer o seu significado e como se formaran. Esta é a resposta algo máis organizada fronte algo naquel momento exposto dun xeito un tanto ao chou.

TIPOS DE APELIDOS ACTUAIS

Como é sabido no sistema onomástico actualmente dominante en España cada individuo ten un ou varios nomes (ditos propio, de pía, de bautismo, etc.) e dous apelidos (ás veces dúbidos). Destes o primeiro corresponde ao primeiro do pai, e o segundo ao primeiro da nai. Leis vixentes permiten cambiar a orde, conservar algún deles, “recuperalos” na forma que correspondería á lingua da nacionalidade española, usar os da nai ou outros se non se quere recoñecer o pai, etc.

Así que citando valdeorreses ilustres, aparecen como: Florencio Manuel Delgado Gurriarán ou Elena Quiroga de Abarca ou Santiago Álvarez Gómez. Os apelidos hérdanse de pais a fillos, aínda que isto só está regulado legalmente desde 1870, cando se creou a Lei de Rexistro. Nos apelidos deses personaxes están contidos os tres tipos básicos aos que se poden reducir todos os que se usan no mundo hispánico e, en xeral, no mundo occidental:

a) *Patronímicos*: Álvarez, Gómez, García. Remotamente proveñen do nome do pai, pero desde hai varios séculos están totalmente fixados. Pero na Idade Media o fillo dun Pedro era un Pérez, e se este se chamaba Miguel seu fillo sería Míguez ou Miguélez segundo zonas.

b) *Apelativos*: Delgado, de Abarca. Son o que vulgarmente denominamos alcumes, motes, etc. Indican unha característica do individuo ao que primeiro se lle apuxo, real ou imaxinaria, e como ás veces se poñen caprichosamente poden ser variados, desde oficios a frases enteiras. Sobraría indicar que foi asumido polo individuo e / ou pola súa familia.

c) *Locativos*: Responden á orixe nun lugar determinado: Quiroga, Gurriarán (este en realidade vasco, pero é do mesmo tipo). Primitivamente soen levar a preposición de, indicando ben a orixe: de Quiroga, de Gurriarán (era así cando chegou ao Valdeorras a inicios do XVII). Logo se eliminou por economía En xeral de non indicaba nobreza (só algúns descoñecedores da evolución da onomástica pensan que si) e ás veces na forma galega colou nos rexistros: Docampo, Dobao, Dacosta (hai tamén Ocampo, Campo; hai o simple Bao; Acosta, tamén con aglutinación do artigo, da Costa e Costa).

ORIXE HISTÓRICA DOS APELIDOS

O sistema romano de *tria nomina*, tres nomes, p.ex.: Caius

Plinius Secundus, estendido para todos os cidadáns do Imperio, desapareceu paulatinamente coa súa decadencia. Durante séculos só se tiña o nome propio. A razón estriba en que era un mundo totalmente ruralizado, no que non hai mobilidade, nin espacial, nin social, así que chega un simple nome. Isto se pode verificar en documentos dos séculos VIII, IX ou X.

A partir de aí houbo maior actividade, o que se reflicte no aumento da documentación. Faise necesario distinguir ben cada persoa. De primeiras basta un só apelido que o identifique. Soe ser polo xeral un patronímico. Polo corrente chega con engadirlle ao nome do pai o sufixo -ici (logo -ez) para diferenciar. Realmente sorprende a variedade de nomes no primeiro período medieval. A maioría son de tipo xermánico e nun momento no que é seguro que na península Ibérica non se falaban xa nin gótico nin suevo. É posible que os párrocos tivesen listas destes nomes. Ás veces o nome mesmo do pai é usado como apelido: García, Gomes / Gómez, Arias / Ares. Basta ollar unha colección documental medieval para comprobar que son en orixe nomes propios. Do primeiro (que se cre vasco) chegaron a formarse algúns derivados (Garcés é o máis coñecido), pero preferiuse puro. Os segundos parecían que xa contiñan o derivado. Que había conciencia de que eran nomes propios demostrou que se seguían usando como tales ata fins do período medieval: García López, a. 1491, Gomes d'Arçúa, Ares de Carballido, estes do a. 1487; pero na mesma época hai Juan García, a. 1487; Fernando Gomes, a. 1491; Afonso Ares, a. 1483.

No último período medieval (Baixa Idade Media) predominan os nomes propios cristiáns e menos os xermánicos. Pero a variedade é menor, porque se prefire o de certos santos ou santas. Como hai tanto Johan Fernández ou María Pérez, ás veces colócase un locativo para identificar mellor. Así se pode ver en documentos medievais, e obsérvase tamén nos valdeorreses: Pedro García de Pumares (a. 1257), Marina Pérez de Secairos (a. 1294), María Fernández de Casayo (a. 1323), Nunno Peres de la Vega (a. 1436), Rodrigo Alvares de Santalla (a. 1501). Ás veces o topónimo acabou por predominar, porque distinguía mellor que un apelido moi difundido.

ALGÚNS APELIDOS TÍPICOS VALDEORRESES

Nos documentos de época medieval móstranse apelidos patronímicos valdeorreses que non son moi diferentes dos doutras zonas: Sánchez, a. 1257; López, a. 1271; Rodríguez, a. 1271, Álvarez, a. 1501, Domínguez, a. 1310; Méndez, a. 1323, Nuniz - Nuñez, a. 1494, etc. O feito de que non sexan distinguibles dos doutras zonas non significa que non sexan típicos desta comarca, pero sen estudo particular de cada un é difícil saber que antigüidade alcanzan para cada liñaxe. Os máis característicos son dous que responden a nomes de pía: Macía / Macías e Mateo. Os máis seguros, como propios do Valdeorras, son os apelidos de tipo locativo que se refiren a lugares dos que non existe duplicado noutras zonas. P.ex.: Oulego, aínda que pouco

frecuente existe como apelido (tamén o pseudocastelanizado Olego). Robleda é apelido espallado na nosa comarca e nas cercanas de Trives e Viana. Hoxe a orixe está esquecida, pero foi a denominación medieval de parte da comarca do Bolo e proximidades. No 1244 era *Roboreta*, no 1255 cítanse xuntas *Rovreda* e *Valdeorres*. Esa denominación non se conserva popularmente, pero perdura no apelido. Outros deste tipo, aínda que non sempre o topónimo sexa singular, son : Jares (por Xares), Alijo (por Alixo), Afreijo (galego común Freixo, dun antigo casal dese nome), Carracedo, Ceregido (por Cereixido), Dobao, Prada, Paradelo, Real e aínda Vega (o centro difusor sería A Veiga, ás veces dita do Bolo, aínda que hai tamén A Veiga de Cascallá e outras cercanas).








Incluso apelidos que en orixe son foráneos, están hoxe asimilados como típicos valdeorreses. Na CAG (Cartografía dos Apelidos de Galicia), un programa informático que recolle a cantidade absoluta e porcentual por concellos dos apelidos da nosa comunidade poden encontrarse cousas moi curiosas, así Sarria é un apelido ben instalado nesta comarca, que procede do lugar homónimo, e único, pero non aparece na provincia de Lugo. O mesmo se pode dicir de Courel / Caurel. O centro galego do apelido vasco Gurriarán é Valdeorras, como demostrou un dos seus portadores, Ricardo Gurriarán. Un antepasado aparece

na Ferrería de San Vicente en 1611, logo outros descendentes pasaron a Córghomo. Eran ferreiros. Cousa parecida pode afirmarse doutros vascos: os Aristegui. Os que levan o apelido Vedo son antigos de Ovedo, co nome galego de Oviedo. Logo foi segmentado un tanto arbitrariamente por tomarse a primeira sílaba da forma contracta d'Ovedo como se fose do Vedo, quizais por perda de conciencia do que significaba. O caso é que en documentos da Idade Moderna poden verse de Ovedo e de Oviedo á par. A segunda forma, a castelá, tamén subsiste como apelido típico valdeorrés. A singularidade valdeorresa de ambas as dúas variantes pode comprobarse na CAG.

Dos apelidos de tipo apelativo os máis caracterizados de Valdeorras quizais sexan Barba, Delgado, Tato e Gago. Non son exclusivos de aquí, pero os datos mostran que están concentrados nesta zona. Moito máis exclusivo é Trincado. Todos eles son documentables con grande antigüidade nos rexistros desta comarca. Corzo, moi singular desta zona, pode ser apelativo, pero tamén locativo. O que escasean son apelidos que indiquen oficios, e os que se documentan hoxe soen ser foráneos. En xeral, hai que dicir que non abundan en Galicia. Podemos encontrar dabondo Ferreiro, pero outros dos que se sabe que son oficios moi antigos, como o de pedreiro, apenas nada. Espero que estas breves notas axuden a comprender o tema.


Apelido: DELGADO

Lenda

	0.000%
	0.0027% - 0.0956%
	0.0956% - 0.2541%
	0.2541% - 0.4501%
	0.4501% - 0.7199%
	0.7199% - 1.2763%
	1.2763% - 1.9281%

En Galicia:

Ocorrencias:	3515
Porcentaxe:	0.0641%
Posición:	197[1]
Concellos:	171



Creación Literaria

Un amor imposible

1.º Premio Concurso de Relato Breve de San Valentín. Alumnado de 3.º C. IES Martaguisela

Querida Linda:

Teño claro que te quero. Coñecín a moitas, pero ningunha coma ti. Cada vez que te vexo o meu corazón late forte. Quixera estar libre e correr ao teu carón, e ser feliz contigo, libres, sen ataduras. Cando vou polo parque e vexo o teu pelo loiro ondear ó vento o meu corpo treme de emoción. Pero sempre hai alguén mirando, que nos controla. Estamos presos, e non che podo berrar o que sinto. Sei que non está ben, pero as túas pernas tráenme tolo e busco o teu perfume por todas partes. De noite miro a lúa e ouveo como se fose un lobo. Quizais me estás escoitando, pero non recibo resposta. Estou coma perdido nun deserto, coma dando voltas no espazo infinito.

Quixen escapar da casa para buscarte, pero foi imposible. Pensei as mil maneiras de chegar onda ti, sen que ningún me cortase o paso. Por fin o outro día conseguín achegarme a ti. Probei o teu perfume, toquei o teu pelo. Ata cheguei a sentir a túa pel. Pero cando che dixen “guau guau”, ti so me respondiches “guau”. Está claro, pasas de min. Prefires ó pitbull ese que é un chulicán, co que tanto che gusta pasearte nas tardes de solleira. E eu, que che ofrezco todo o meu amor, síntome coma se fose lixo. Agora sei que o meu soño é imposible. Volverei pasar as tardes metido na caseta, coma un auténtico can de palleiro. Ata sempre.

TOBY



Nunca tiveches un irmán

Nora Piay. 1º Bacharelato

Despertou á medianoite e viu luz no cuarto do fondo, levántase e achégase disposta a apagala, pero antes asómase e bota unha ollada para asegurarse de que todo está ben. Non o está. Ve ao seu irmán facer a maleta, coller a súa roupiña do armario e metela na súa mochila. Cando remata, cólgaao ao ombro, dálle un bico a todos os seus bonecos e, con xesto serio, abre a porta do seu cuarto, non a ve.

Baixa as escaleiras pouquiño a pouco, sen facer ruído, do mesmo xeito sae ao exterior e comeza a camiñar rúa abaixo cargadiño coas súas cousas. Ela séguelo, veo parado na beirarrúa, confundido, mirando cara os lados, grítalle e corre cara el. O pequeno non a escoita, parece lembrarse de algo e segue o seu camiño cara quen sabe onde. Ela corre aínda máis, berra, pero non ten voz e as súas pernas non lle responden tan rápido como lle gustaría. Pero, ao final, alcánzao, alonga o brazo para coller a súa manciña. Cando está a piques de rozalo, o neno xírase e míraa, obsérvaa decíndolle adeus coa mirada, entón,

desaparece.

Despertouse de súpeto. Tivera un soño inquietantemente extraño, o corazón latexáballe con forza. Ergueuse para despexarse e, ao acordarse do soño, levantouse rapidamente.

Asomouse ó cuarto do fondo, acendeu a luz e observou, xa máis tranquila, como o pequeno durmía entre os seus osos de peluche. Achegouse á súa camiña, retirou algún boneco e deitouse xunto a el, necesitaba sentir a calor do seu corpiño, a paz que lle transmitía o saber que estaba ben. Sen darse conta, quedou durmida.

Ao despertar, pola mañá, estaba soa no cuarto, o seu irmán era madrugador e saía xogar ao parque todos os sábados.

Baixou almorzar, os seus pais xa estaban na cociña preparando o xantar. Contoulles o seu soño. Eles ficaron con cara de incredulidade e mirárona rindo:

- Cariño, ti nunca tiveches un irmán.

Creación Literaria

Felipe Morales Rodríguez (2.º C) II Premio Concurso de Relato curto de San Valentín

- Ola? Onde estou? Quen anda aí?
- Son o teu amor, a túa princesiña azul.
- Alicia, es ti?

De súpeto noto como se acende a luz, é ela, é a moza da que levo namorado dende fai cinco anos, dende que a vin entrando polar portas do enorme pavillón onde eu estaba gozando dunha satisfactoria clase, cando unha nena baixiña e preciosa entrou pola porta grande daquel pavillón vetusto. Namoreime dela no primeiro momento.

- Por que estamos ti e mais eu aquí sos neste sucio e derruído antro?
- Isto é un soño, non te asustes, díxome Alicia coa súa voz suave coma o veludo, estou aquí porque mañá é San Valentín, aproveita este fermoso día para conquistarme, faino o mellor que poidas, confía en min, isto sairá ben.
- Empezo a ver a luz acendida da miña habitación. Alicia tiña razón, hoxe é San Valentín, é a miña oportunidade. Pero que podo facer para conquistala?
- Teño unha idea. Vou conquistala por medio de pistas, espero conseguilo, quéroa cada segundo un pouco máis.
- Pero, como comezar? Creo que o mellor será almorzar, se non quero chegar tarde.

Xa estou en clase, séntome detrás dela, na terceira fila. Deixa-reille a primeira pista no seu pupitre.

- Que é isto? Preguntou impresionada Alicia, se me puxeron isto aquí será por algo, vou lelo: "Se de verdade queres continuar, este reto deberás superar. Pícate, namórate, a ti vólvetes tola, branca ou vermella, os seus pétalos estráñante cando ti marchas. Nela atópase a próxima pista".
- Alicia, emocionada, foi correndo cara a roseira do patio. Alí atopábase a miña segunda e última pista:
- Non sei se isto é un sono ou hai un neno fantástico e romántico neste centro. Imos alá.
- "Recordos infantís tráente aquí. O lugar de amor entre ti e mais eu, guíate polo teu corazón.
- Alicia pensativa pescudou a solución: o pavillón de deportes, díxo.
- Alí estaba eu, agardándo.
- Alicia. Quérote.
- O noso amor é imposible, Roberto. Eu quérote pero sinto que aínda non me conquistaches de todo.
- Sabes que? Non hai nada imposible.

Roberto bicouna e Alicia, entusiasmada, abrazouno.

Estamos feitos da mesma materia que os soños

Nora Piay. 1º Bacharelato

"*Estamos feitos da mesma materia que os soños*". Aquela frase de Shakespeare retumbáballe na cabeza e non deixaba de darlle voltas, parecíalle fermosa pero non lle atopaba ningún significado lóxico.

Colleu a bóla de cristal mentres cavilaba e axitoua para ver como a neve caía sobre ningures, estaba baleira. Gustáballe. Rozou a inscrición da base coas xemas dos dedos para ver se así daba co sentido desas verbas. Nada. Resignada, deixouna sobre o estante, a carón dos libros.

Sentouse e comezou a escribir: "Aquela noite chovía en París...". Non estaba inspirada. Volveu mirar para a bóla e moveuna suavemente.

Dende o alto de Montmartre víase toda a cidade, a torre Eiffel sobresaía entre os edificios, as chemineas botando fume. Facía frío, e chovía. Xirouse para observar o Sacre Coeur coa súa imponente fachada branca. Non había turistas, nin pintores, nin pombas arrolando nas escaleiras. As rúas estaban desertas, o mes de novembro acababa de chegar.

Non lle gustaba o verán na cidade, gustáballe o outono, e a soidade. Era un home peculiar, vagaba polos bulevares mirando as árbores espidas, as tendas baleiras, o chan cheo de follas e os transeúntes con présa. El non a tiña, non tiña qué facer nin onde ir. Paseaba a carón do Sena, detíñase diante do Louvre mais nunca entraba, subía a Nôtre Dame e miraba como as vidas dos parisinos seguían, mesturábanse ou remataban. Todas as noites escollía unha rúa ao azar, nesa rúa elixía un

edificio, nese edificio unha ventá, e detrás desa ventá sempre había alguén que durmía.

Sentábase nun banco dende onde puidese vixiar a súa elección. Metía a man no peto da gabardina e sacaba unha bóla de cristal baleira, axitábaa e a neve caía sobre ningures.

Levantaba a vista e miraba cara a fiestra.

Unha nube de soños saía dela, bailaban no aire, mollábanse coas gotas de chuvia e achegábanse lentamente.

Entón estiraba o brazo e os soños quedaban atrapados na esfera de cristal. Despois miraba para eles, observábaos atentamente con ollos curiosos e volvía axitar a bóla. A neve caía e os soños desaparecían.

Deixaban de ser soños, facíanse realidade para quen os soñara, fosen bos, malos, estraños, todos os soños se cumprían.

Así, este home calviño e enxoito tecía o destino dos soñadores sen que eles mesmos soubesen que a súa vida estaría condicionada polos soños dunha noite calquera.

Os seus ollos seguían cada puntinho branco ata que se depositaba xunto aos demais, na base, a carón das letras. Colleuna de novo, mirou a través dela, seguía buscando significados para aquelas palabras. Treméronlle as mans e a bóla caeu ao chan rompéndose en pequenos anacos e salpicando o cuarto de líquido, neve e soños.

Nalgún recuncho de París, un soño quedou sen cumprir e un homiño morreu nun banco.


Creación Literaria

Cantigas

María Victoria Sánchez. Profesora de Lingua galega e Literatura

As imaxes que hai a continuación son parte dun traballo do alumnado de 1º de Bacharelato A. A partir da lectura e audición musical de cantigas de amigo medievais, adxudicouse unha cantiga de amigo a cada parella de alumnos para que fixesen unha ilustración e unha versión da

mesma en galego contemporáneo. Os traballos foron dixitalizados e expostos na clase para que os vise todo o grupo. Xa que o resultado é tan bo, aquí van na revista para compartilos con todo o Centro.



Digas filla miña filla linda
porque tardache na fontana fría
teño amores.

Digas filla miña filla amada
porque tardache na fría fontana
teño amores.

Tardei miña nai, na fontana fría
cervos dos montes á auga volvían
teño amores.

Mentes miña filla, mentes por amigo
nunca vin cervo que volvese ó río
teño amores.

Mentes miña filla, mentes por amado
nunca vin cervo que volvese ó alto
teño amores.

Lelia Doura

Eu fermosa non durmía
Lelia doura
E o meu amigo viña
Ebi lelia doura

Non durmía e coídaba
Lelia doura
E o meu amigo chegaba
Ebi lelia doura

E o meu amigo viña
Lelia doura
E de amor tamen dicía
Ebi lelia doura

E o meu amigo chegaba
Lelia doura
E de amor tamen cantaba
Ebi lelia doura

Moito desexei amigo
Lelia doura
Que eu vos tiñese comigo
Ebi lelia doura

Moito desexei amado
Lelia doura
Que eu vos tiñese ao meu lado
Ebi lelia doura

Leli leli, por deus, leli
Lelia doura
Ben sei que non diñs leli
Ebi lelia doura

Ben sei que non diñs leli
Lelia doura
E o demo quen diñs leli
Ebi lelia doura.



A mais bela.

Alá vai a mais bela, alá vai a mais linda,
a lavar os cabelos, na fontela fria.
Feliz dos amores, dos amores feliz.

Alá vai a mais linda, alá vai a mais bela,
a lavar os cabelos, na fria fontela.
Feliz dos amores, dos amores feliz.

Vai lavar os cabelos, na fontela fria.
Passou o seu amigo, que ben a queria.
Feliz dos amores, dos amores feliz.

Vai lavar os cabelos, na fria fontela.
Passou o seu amigo, que muito amaba ela.
Feliz dos amores, dos amores feliz.

Passou o seu amigo, que ben a queria.
O cervo do monte aí auga volvia.
Feliz dos amores, dos amores feliz.

~~Passou o seu amigo, que ela muito amaba.~~
~~O cervo do monte volvia a auga.~~
~~Feliz dos amores, dos amores feliz.~~



saldoira 2.0

REVISTA DO EQUIPO DE DINAMIZACIÓN LINGÜÍSTICA DO IES MARTAGUISELA. O BARCO DE VALDEORRAS. CURSO 2011-2012

